

Texto publicado no suplemento *Nordesía* do *Diario de Ferrol* o día 6 de agosto de 2006.-

Eloxio da Tunisia

Tunisia, o estado máis pequeno do Magreb, de orixe bérber e resultado de diferentes ondadadas de invasións ao longo da historia: fenicios, cartaxineses, romanos, vándalos, bizantinos e árabes, estes últimos introdutores do Islam, case esmagado entre dous xigantes, Alxeria e Libia, é un abraiante mosaico de paisaxes que paga a pena visitar. No norte, onde se congrega a meirande parte da poboación, desenvolveuse a zona máis próspera e menos tradicional, mentres que no sur se estende un deserto ermo e reseco onde axiña se identifica a fonda pegada bérber. Neste contraste radica a esencia verdadeira do país.

Cómpre abandonar as grandes avenidas de *Tunes*, a capital, para perderse polos calecos labirínticos dos seus zocos (*Chechias, Attarine, Kebabja, Trouk...*) que se estenden coma interminábeis arañeiras, ou facer unha parada para escoitar a chamada á oración na *Mesquita dos Tintureiros*, ou botar unha ollada aos mármoreos do mausoleo de *Dar Ben Abdallah*. *Tunes* é unha gran urbe, fermosa e puxante, que nunca se debe abandonar sen facer unha visita ao *Museo Nacional do Bardo*, que alberga unha das máis ricas coleccións de mosaicos romanos do mundo.

A escasos quilómetros da capital atópase *Sidi Bou Said*, que representa dun xeito único a arquitectura tradicional, a máis mediterránea, do norte do país: casas pintadas con cal, fiestras con celosías azuis, cúpulas de curvas harmoniosas, xardíns sorprendentes de figueiras, buganvileas e xasmíns... Mais a vila corre o perigo de se converter nun decorado turístico de cartón pedra que bote a perder o seu encanto para sempre.

A gran pegada do Imperio Romano na Tunisia pódese descubrir nas cidades de *Cartago*, *El Jem* e *Sbeitla*. A primeira, no próspero norte, comprende vestixios púnicos e romanos. A segunda, ás portas do deserto do Sahara, en medio dunha rexión de oliveiras, amosa con orgullo o anfiteatro máis grande de África, e a terceira é unha vila completa de moi recente escavación con tres fermosos templos, termas e restos dun teatro.

A cidade de *Kairouan* representa a Tunisia máis musulmá. Non en van alí está enterrado *Abu Dhama el Balaoui*, un dos compañeiros de Mahoma, no que se coñece como “*A mesquita do barbeiro*”, porque o cabaleiro levaba sempre consigo tres cabelos da barba do profeta. Hoxe en día é un dos lugares favoritos para a circuncisión de raparigos, obrigatoria na relixión islámica e, xunto coa *Gran Mesquita*, unha xoia da arte musulmá e un obrigado lugar de peregrinación.

Tamén *Monastir* alberga un importante mausoleo, o do pai da patria tunisiana, *Habib Burguiba*, que conseguiu a independencia do país no ano cincuenta e seis. A escasos quilómetros está *Sousse*, terceira cidade en tamaño do país, cunha *Medina* excepcional que paga a pena visitar, por albergar un zoco no que se pode mercar de todo, especias, perfumes... unha mesquita de considerábeis dimensións e un *Ribat*, fortaleza do século VIII que servía de refuxio á poboación en caso de ataque por mar e que ao longo dos séculos se utilizou como albergue para os peregrinos que se dirixían á Meca na visita obrigada que unha vez na vida ten que facer todo bo musulmán.

A cidade de *Douz*, no comezo do gran sur, é punto de encontro entre nómades para a compra e a venda de animais nun animado mercado que ten lugar todos os xoves. A vila é coñecida co nome de “porta do deserto” e non resulta difícil comprobar por que. Dende ela e dende a veciña *Gabes* accédese aos lugares máis ermos,

quentes e resecos que un poida imaxinar. En *Matmata* a poboación bérber (as mulleres aviadas con teas de cores e xoias de prata) fuxe da intensa calor escavando as súas vivendas debaixo do chan, arredor dun gran foso central, na procura dunha sombra que no exterior nunca se pode atopar. En *Ksar Hadada* os nómades construíron uns abraiantes celeiros que levan o nome de *ghorfas* e foron utilizados por George Lucas para a gravación dunha parte da súa *Guerra das Galaxias*. En *Chenini* semella imposible que alguén poida sobrevivir. Está construído nas abas dun monte reseco onde a poboación pastorea cabras, burros e dromedarios e ten que baixar as máis empinadas costas até a única fonte que hai no lugar. No deserto a auga é un dos luxos máis grandes que un pode imaxinar.

Chott el-Jerid é o gran reino dos espellismos, porque alá no horizonte sempre semella verse un inexistente mar. Trátase da fronteira entre o deserto de pedra e o deserto de area. É un lago seco e branco, de aire requeitado, onde hai máis de trescentos quilómetros de sal que se cruzan nunha travesía tremenda que parece que nunca vai rematar. Sorte que á final o viaxeiro atopa os extensos palmeirais de *Tozeur* e de *Nefta*, e os oasis de montaña de *Chebika* e *Tamerza*, mananciais de auga fresca entre rochas calcarias que fan agromar unha impresionante vexetación nun lugar que de tan fermoso costa traballo imaxinar. Reinos dos dátiles e das rosas do deserto, sempre se pode albiscar na distancia algún pastor que conduce un rabaño de cabras ou dromedarios até o campamento que a habita hoxe. Quen sabe onde pode estar mañá?